

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE OUTUBRO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Baloncesto.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Hípica.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o concello da Veiga para a realización do proxecto de construción do observatorio astronómico na Veiga, por importe de seiscentos cincuenta mil novecentos vinte e oito euros (650.928,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba a fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobús e pasarela peonil de conexión -incluso praza Clara Campoamor), como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, así como se declara a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a University College, Cork/Coláiste na hOllscoile Corcaigh (Irlanda) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32 €).
- Acordo polo que se aproba o proxecto público educativo CEIP en Cidadelle – Chapela (Redondela), en aplicación da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da xestión de servizos públicos, na modalidade de concerto, de prazas no servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia en diversos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. Tramitación documentalmente simplificada (expediente: PA 46/2017). Importe do orzamento: seiscentos noventa e tres mil corenta e catro euros con trinta e cinco céntimos (693.044,35€). Valor estimado: catro millóns trinta e catro mil cincocentos trece euros (4.034.513,00€).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para a realización da acción de investigación *Estudo da variabilidade espacial do ciclo reprodutivo da navalla na Ría de Vigo e a súa aplicación á xestión pesqueira* por importe de cento sesenta e cinco mil novecentos oitenta e tres euros (165.983,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as bases reguladoras dos instrumentos financeiros innovadores (IFIS) no marco dos fondos Feder 2014-2020.
- Informe relativo á resolución pola que se adxudican as axudas para a consolidación e a estruturación de unidades de investigación competitivas nos centros tecnolóxicos consolidados de Galicia para o ano 2017

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre a orde de axudas para o fomento da ordenación dos montes de Galicia.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ESTABLECE OS CURRÍCULOS DAS ENSINANZAS DEPORTIVAS SUPERIORES DE BALONCESTO E HÍPICA

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria establece os currículos dos ciclos de grao superior correspondentes aos títulos de técnico deportivo superior en Baloncesto e en Hípica. Deste xeito, quedan reguladas estas ensinanzas deportivas en Galicia, o que fai posible a capacitación dos futuros técnicos nestas disciplinas a través dunha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico que vincule o proceso de aprendizaxe á realidade social deste ámbito.

En todos os casos os títulos obtidos terán unha equivalencia a ensinanzas deportivas de grao superior, cunha duración de 755 horas no caso do Baloncesto e de 1150 no da Hípica.

Baloncesto

O título de técnico deportivo superior en Baloncesto ten as especializacións de baloncesto adaptado, en cadeira de rodas, dirección deportiva de baloncesto no alto rendemento, scouting e análise do xogo, tiro (lanzamento a canastra), defensa e sistemas defensivos e ataque e sistemas ofensivos.

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo de grao superior en Baloncesto son as relacionadas coa selección e valoración para conformar un equipo de baloncesto equilibrado, a planificación da tempada, o deseño dos adestramentos de alto rendemento e a dirección dos equipos en competicións de alto rendemento. Así mesmo, os titulados poderán ocuparse de constituír os equipos técnicos e realizar a dirección técnica de clubs de baloncesto, así como de manter unha identidade profesional e un espírito de innovación e desenvolvemento profesional, que facilite a adaptación aos cambios que se produzan no baloncesto e no seu contorno organizativo.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes profesionais son as de adestrador de baloncesto de alto nivel, director deportivo e director de escolas deportivas.

Hípica

Quen curse os estudos de grao superior en Hípica poderá especializarse en doma clásica, salto de obstáculos, concurso completo de equitación ou en adestramento para-ecuestre de alto rendemento.

As competencias profesionais, persoais e sociais do ciclo de grao superior en Hípica son as relativas ao dominio das técnicas específicas das disciplinas híxicas de Salto,

Doma Clásica e Concurso Completo co nivel suficiente para o desenvolvemento das tarefas propias do alto rendemento deportivo. Asemade, os titulados deberán poder planificar e dirixir o adestramento cara ao alto rendemento, analizar as características da competición e a contorna do xinete, entre outros aspectos.

Por outra parte, estarán capacitados para xestionar e optimizar as instalacións, os equipamentos e os medios necesarios para a práctica nas disciplinas, controlando tamén a seguridade, así como para seleccionar, manter e transportar os cabalos, conformar os equipos e coordinar os recursos humanos participantes na competición. Ademais, poderán organizar e xestionar competicións e eventos propios da tecnificación deportiva e dirixir o desenvolvemento técnico de eventos propios da alta competición nas devanditas disciplinas.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para estes profesionais ou estas profesionais son as de profesor ou profesora de equitación, director ou directora de escola de equitación, adestrador ou adestradora de hípica de alto nivel e director ou directora técnico/a.

A VEIGA CONTARÁ CUN OBSERVATORIO ASTRONÓMICO QUE FORTALECERÁ GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO *STARLIGHT*

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición dun convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Turismo de Galicia, o Instituto Enerxético de Galicia, a Deputación de Ourense e este concello*
- *Esta infraestrutura estará destinada tanto a usos académicos e científicos como a obradoiros para afeccionados e visitantes*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Turismo de Galicia, o Instituto Enerxético de Galicia (da Consellería de Economía, Emprego e Industria), a Deputación de Ourense e o Concello da Veiga, para a construción dun observatorio astronómico nesta localidade ourensá, que fortalecerá o potencial de Galicia como destino turístico *Starlight*.

Ao abeiro deste acordo, o futuro observatorio astronómico constará dun edificio con criterios de eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables e estará equipado, ademais, dun planetario de última xeración. Será unha infraestrutura destinada tanto para usos científicos e académicos como para afeccionados e visitantes e tamén terá un espazo para exposicións onde se poderán programar igualmente charlas, xornadas e obradoiros.

Con esta actuación, a Xunta de Galicia impulsa a divulgación da ciencia e da astronomía ao mesmo tempo que estimula novas vocacións científicas e se converte nun foco de atracción de visitantes fomentando o turismo astronómico. Esta infraestrutura está situada no que é un dos dous destinos *Starlight* da Comunidade galega, é dicir, lugares visitables que posúen excelente calidade para a contemplación dos ceos estrelados e a práctica de actividades turísticas baseadas neste recurso.

Promoción como destino diferenciado

Este convenio –cuxo investimento total ascende a máis de 650.000 € dos cales a Xunta de Galicia achegará algo máis de 400.000 €– enmárcase no traballo da Administración autonómica por impulsar a promoción turística galega dun xeito sustentable atendendo aos novos intereses dos usuarios, un traballo incluído na Estratexia do turismo de Galicia 2020.

Trátase da folia de ruta do turismo galego elaborada co sector coa que se está a acompañar o crecemento sustentable do número de viaxeiros da man da calidade, coa intención de consolidar Galicia como un destino tranquilo cunha oferta especializada e diversificada.

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE AO PROXECTO DA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO CO FIN LICITAR A PRIMEIRA FASE DAS OBRAS ANTES DE QUE REMATE O ANO

- *A tramitación do proxecto a través da Lei de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese público permitiu acurtar os prazos a seis meses*
- *O Goberno galego tamén autorizou hoxe a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, o que posibilitará que no primeiro semestre do vindeiro ano poidan comezar as obras*
- *Esta primeira fase para a construción da intermodal, que inclúe a estación de autobuses e a pasarela peonil de conexión, consta dun orzamento de 11 millóns de euros, no marco dun investimento total de 41,7 millóns*
- *Unha vez executadas a estación de autobuses e a pasarela, axilizarase para o usuario o intercambio entre os dous modos de transporte e dotarase a Santiago dun edificio moderno e adaptado ás exixencias técnicas e de accesibilidade*
- *A construción da nova pasarela non só garante o tránsito dos usuarios entre a rúa Clara Campoamor e terminal de autobuses coa estación de ferrocarril, senón que tamén mellora a conexión transversal entre os barrios para peóns*
- *Actualmente están en fase de licitación a redacción dos proxectos de construción da nova estación ferroviaria, así como do novo edificio administrativo para a Xunta na zona que ocupa a actual terminal de autobuses*
- *A intermodal é un proxecto estratéxico para Santiago que suporá un salto cualitativo no emprego do transporte público na cidade e a súa área e desempeña un papel clave na vertebración e cohesión entre os barrios*

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao proxecto da nova estación intermodal de Santiago, o que fará posible a licitación da primeira fase das obras antes de que remate o ano. O Goberno galego aprobou hoxe o proxecto integrado desta estación intermodal, que inclúe a estación de autobuses e pasarela peonil de conexión coa terminal ferroviaria. Tamén se autorizou a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

O acordo do Concello da Xunta outórgalle viabilidade a un proxecto de excepcional interese para a Comunidade Autónoma, que ao ser tramitado a través da Lei 3/2016, reduciu os prazos de tramitación a seis meses. Na mesma liña, a declaración de urxencia das expropiacións posibilitará que no primeiro semestre do vindeiro ano poidan comezar as obras.

Esta primeira fase para a construción da estación intermodal de Santiago consta dun orzamento de 11 millóns de euros, no marco dun investimento total de 41,7 millóns de euros.

Unha vez executadas a estación de autobuses e a pasarela de conexión que se prevé nesta primeira fase, axilizarase para o usuario o intercambio entre os dous modos de transporte e dotarase o Concello de Santiago dun edificio moderno e adaptado ás últimas exixencias técnicas e de accesibilidade.

Nesta primeira etapa, a construción da nova pasarela non só garante o tránsito dos usuarios entre a rúa Clara Campoamor e a estación de ferrocarril coa estación de autobuses, senón que tamén mellora a conexión transversal entre os barrios da cidade.

A estación intermodal contribuirá, así mesmo, a aproveitar todo o potencial que suporá a chegada do AVE a Galicia, e estender os seus beneficios máis alá das grandes cidades, xa que os cidadáns que cheguen a Santiago en autobús terán un acceso moito máis áxil e cómodo ao ferrocarril.

A aprobación da segunda fase do proxecto integrado, que contempla a execución da nova estación de ferrocarril, atópase desenvolvido no nivel de anteprojecto. Actualmente están en fase de licitación a redacción do proxecto de construción da nova estación ferroviaria, así como do novo edificio administrativo para a Xunta de Galicia na zona que ocupa a actual estación de autobuses.

Conforme o acordo asinado entre o Concello de Santiago, o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, correspóndelle á Administración local o deseño e execución dos accesos necesarios para garantir a plena operatividade da nova estación de autobuses intermodal.

Proxecto estratéxico

Co acordo adoptado hoxe, o Executivo autonómico continúa a avanzar cara á dotación da capital de Galicia dunha nova infraestrutura de transporte esencial como nexo de comunicación e garantía dun modelo de mobilidade máis sustentable, o mesmo obxectivo que se persegue no resto das cidades galegas.

Trátase dun proxecto estratéxico para Santiago que debe supoñer un salto cualitativo nos niveis de emprego do transporte público na cidade e a súa área ao facilitar o intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte. Ademais, a intermodal constitúe unha infraestrutura de enorme relevancia no proceso de construción da cidade, cun papel clave na vertebración e cohesión entre os barrios.

A Xunta está a apostar pola intermodalidade en Galicia mediante o deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte. Con esas premisas, xunto coa da integración na contorna e da procura da harmonía co proxecto que impulsa o Ministerio

de Fomento para a reforma da terminal ferroviaria, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten rematado o proxecto básico da nova estación de autobuses e atópase en redacción o proxecto de execución.

A continuación, infografía das futuras estación intermodal de Santiago e da Cidade de San Caetano.



EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE CORK (IRLANDA) PARA A DOCENCIA E PROMOCIÓN DO GALEGO

- *A Consellería destina preto de 64.000 euros a respectivos convenios para ensino do idioma e a cultura galega e á contratación de lectores de galego*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará a súa colaboración coa University College, Cork/Coláiste na hOllscoile Corcaigh (Irlanda) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, da literatura e da cultura galegas, e dar así continuidade a un acordo que se mantén desde 1998.

O Consello da Xunta deu o visto e praxe a este convenio entre a Administración educativa galega e a mencionada institución universitaria irlandesa por un importe de preto de 64.000 euros co fin de desenvolver unha serie de accións, incluído o lectorado de galego nesta universidade.

Ao abeiro do dito convenio, a Universidade de Cork comprométese a dar continuidade ao ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos seus plans de estudo e a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua e da literatura galegas no ámbito universitario e na súa área de influencia.

Así mesmo, inclúese a contratación -a través da Secretaría Xeral de Cultura- dun lector de lingua, literatura e cultura galegas, como complemento práctico ao seu programa de formación. O acordo inclúe tamén a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e a infraestrutura necesaria para levar a cabo as accións de promoción sinaladas.

Antecedentes

Os centros de estudos galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades do exterior é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión internacional do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades. 27 delas contan con lectores -licenciados/as en Filoloxía Galega-, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de lingua galega

adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Alén disto, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PROXECTO PÚBLICO EDUCATIVO PARA UN NOVO CEIP EN CHAPELA (REDONDELA)

- ***Conta co visto e praxe das consellerías de Cultura e Educación e de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto público educativo para un novo CEIP en Cidadelle – Chapela (Redondela), en aplicación da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese. Deste xeito posibilitarase a construción dun novo centro educativo nesta localidade pontevedresa, unha vez que o CEIP Igrexa de Chapela quedou afectado polas obras de ampliación da capacidade da autoestrada AP-9 con incorporación dun novo carril.

Cómpre sinalar que, en calquera caso, a construción do novo centro correrá a cargo da concesionaria da autoestrada, Audasa, ao abeiro do convenio acordado polo Concello e aprobado en pleno municipal en outubro de 2015.

O proxecto público educativo CEIP en Cidadelle-Chapela conta co visto e praxe, a través dos informes preceptivos, das consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e foi tramitado ao amparo da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, co obxecto de cumprimentar o trámite previsto no apartado 5 da devandita lei.

A XUNTA DE GALICIA XERARÁ 35 NOVAS PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN RESIDENCIAL PARA PERSOAS MAIORES EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

- *As prazas se distribuiranse do seguinte xeito: 15 en Lugo, 10 en Outeiro de Rei e outras 10 no municipio do Barco de Valdeorras*
- *O valor estimado do contrato, cunha duración máxima posible de 5 anos, supera os 4 millóns de euros, sendo o investimento no primeiro ano de algo máis de 693.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, en réxime de concerto, o contrato de xestión de servizos públicos para a reserva e ocupación de prazas residenciais para persoas maiores en situación de dependencia. Ao abeiro deste contrato crearanse 35 novas prazas residenciais nos seguintes concellos: Lugo (15), Outeiro de Rei (10) e Barco de Valdeorras (10).

O obxectivo desta medida é seguir a consolidar a rede autonómica de atención residencial, paliar as necesidades en materia de atención a maiores dependentes detectadas nos municipios que se beneficiarán dela e avanzar na implantación dun sistema de atención social especializada que ten en conta as necesidades e os desexos do colectivo de maiores dependentes.

A duración inicial do contrato estenderase dende a súa data de sinatura, prevista para o 1 de decembro de 2017, ata o 31 de decembro de 2018, sendo prorrogable por mutuo acordo das partes ata acadar unha duración máxima de 5 anos e 3 meses. Deste xeito, garántese unha maior estabilidade tanto económica como organizativa, o que repercutirá de xeito moi positivo na atención das persoas usuarias. Así as cousas, o importe do orzamento para o primeiro exercicio en vigor do contrato ascende a 693.044,35 euros, sendo o seu valor estimado de 4.034.513 euros.

Esta actuación está enmarcada dentro do ámbito da lei de dependencia e responde ao obxectivo do Goberno galego de incrementar o número de prestacións públicas para persoas en situación de dependencia.

Na actualidade, Galicia atende 52.302 dependentes superando por primeira vez a barreira dos 50.000 e cunha ratio de cobertura do 75,78%. Así mesmo, cos acordos do Consello da Xunta dos meses de agosto e setembro relativos ao reforzamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) e ao incremento das libranzas, no primeiro trimestre de 2018 a cifra de dependentes con atención será, cando menos, de 55.000 persoas. Esta cifra representa unha ratio de cobertura do 82,65%, oito puntos por riba da media de atención en España que é do 74%.

MAR DESTINA PRETO DE 166.000 EUROS A INVESTIGAR A REPRODUCCIÓN DA NAVALLA NA RÍA DE VIGO PARA MELLORAR A XESTIÓN DO RECURSO

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para chegar a un método de explotación da navalla baseado en información biolóxica obtida de forma continua*
- *A través desta investigación preténdese reducir os períodos de peche e os descartes de exemplares*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Vigo para investigar o ciclo reprodutivo da navalla na Ría de Vigo e a súa aplicación á xestión pesqueira, coa finalidade de mellorar a xestión do recurso. A este proxecto de investigación, a Xunta destinará case 166.000 euros e estará vixente ata agosto do ano 2020.

A través desa investigación denominada *Estudo da variabilidade espacial do ciclo reprodutivo da navalla na Ría de Vigo e a súa aplicación á xestión pesqueira*, promoverase un método de explotación da navalla baseado en información biolóxica obtida de forma continua. Deste xeito, o obxectivo é reducir os períodos de peche e os descartes de exemplares.

Para o desenvolvemento da investigación, o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) da Consellería do Mar, precisa da axuda do grupo de investigación do Centro Singular de Investigacións Mariñas CSIM-ECIMAT e do Centro de Investigación en TIC AtlanTIC, ambos pertencentes á Universidade de Vigo, de aí que se decidise materializar un acordo con este organismo.

Así, no marco do acordo, estudarase concretamente a variabilidade temporal e espacial do ciclo reprodutivo da navalla durante dous anos nos bancos marisqueiros de Barra, Cabo de Mar, Cabanas e Moaña, o estado xeral do recurso, o tamaño de primeira madurez nun banco externo da Ría de Vigo e a fecundidade do recurso por talla.

Ao abeiro do convenio tamén se realizarán talleres dirixidos aos navalleiros, ás asistencia técnicas e aos biólogos de zona para a avaliación do estado do recurso. Ademais, crearase unha plataforma, a modo de servidor web ou aplicación móbil, para que os axentes do sector coñezan o estado do recurso nos distintos bancos marisqueiros.

Co obxectivo de asegurar o debido cumprimento do acordo crearase unha comisión de seguimento composta pola vicerreitora de Investigación e Transferencia da Universidade de Vigo e pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou persoas

en quen deleguen. Esta comisión será o mecanismo de actuación conxunta para garantir o cumprimento do convenio.

A XUNTA ACTIVA OS NOVOS INSTRUMENTOS FINANCEIROS INNOVADORES PARA MOBILIZAR 60M€ EN MÁIS DE 100 PROXECTOS DE PEMES GALEGAS

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsará a través deste programa, que se publicará nas próximas semanas, investimentos en Industria 4.0, emprendemento e innovación*
- *Os préstamos, que cubrirán entre o 50 e o 70% do investimento que se realice, estarán comprendidos entre 50.000 euros e un millón*
- *Contarán con prazos de amortización de entre 7 e 12 anos, e xuros que poden quedar no 0%*
- *Esta iniciativa forma parte do programa Galicia 1000, co que o Igape prevé este ano achegar financiamento a 3000 pemes*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria activará nas próximas semanas o novo programa de Instrumentos financeiros innovadores (IFIS), a través do cal se prevé mobilizar 60 millóns de euros en investimentos de pemes galegas en máis de 100 proxectos desenvolvidos no ámbito da Industria 4.0, iniciativas impulsadas por novos emprendedores e proxectos innovadores. Esta medida, da cal se informou hoxe no Consello da Xunta, está dotada con 33 millóns de euros, cofinanciada ao 80% con fondos Feder.

Os préstamos, comprendidos entre 50.000 euros e un millón, contarán con prazos de amortización de entre 7 e 12 anos, e incluírán unha subvención para rebaixar os custos financeiros, polo que os xuros que pagarán os beneficiarios poderían quedar no 0%. Un dos obxectivos dos instrumentos financeiros innovadores é conseguir que o financiamento das entidades financeiras privadas cubra entre o 25 e o 40% dos investimentos apoiados. O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* ata o 31 de decembro de 2018.

A liña dirixida á Industria 4.0 apoiará especialmente investimentos centrados no denominado novo modelo industrial. Os importes dos préstamos poderán ir desde 65.000 euros ata un millón, para cubrir ata o 65% dos investimentos en novos centros produtivos, ampliacións de capacidade ou liñas de fabricación de novos produtos. Terán prioridade proxectos que inclúan tecnoloxías relacionadas coa fábrica do futuro e a Industria 4.0: robotización, fabricación aditiva, sensórica, sistemas ciber-físicos, automatización, conectividade, vehículos autónomos, dixitalización, big data ou Loxística 4.0.

A segunda tipoloxía de préstamos irá destinada a sociedades mercantís constituídas maioritariamente por novos emprendedores e cunha antigüidade máxima de 42 meses. O importe dos préstamos, que financiarán ata o 50% dos activos fixos e capital circulante necesario para a posta en marcha de novos negocios, poderá oscilar neste

caso entre os 50.000 e os 200.000 euros. Terán prioridade tamén modelos de negocio innovadores e proxectos vinculados aos obxectos da axenda Industria 4.0 e á Estratexia de especialización intelixente (RIS3).

A través da terceira liña de financiamento concederanse préstamos comprendidos entre 50.000 e 500.000 euros para financiar investimentos innovadores de pemes, especialmente de base tecnolóxica, startups, e tamén empresas de traxectoria contrastada que deciden impulsar proxectos innovadores. En concreto, os proxectos deberán estar aliñados coas prioridades e obxectivos da RIS3.

Estes novos instrumentos de financiamento ás pemes articúlanse, a través de fondos Feder do marco 2014-2020, como unha fórmula para completar o labor das entidades financeiras e atender necesidades de financiamento postas de manifesto na avaliación previa levada a cabo polo Igape, de acordo co previsto na normativa comunitaria que regula os fondos europeos no marco 2014-2020.

O novo programa de préstamos vén reforzar os instrumentos integrados no Galicia 1000 para achegar financiamento axeitado a todos os proxectos empresariais viables. O programa Galicia 1000 prevé achegar este ano financiamento a 3000 pemes, despois de apoiar máis de 5000 empresas nas tres primeiras edicións.

A XUNTA CONSOLIDA A SÚA APOSTA POLA CAPTACIÓN E RETENCIÓN DE TALENTO DEDICANDO 1,87M€ AO LABOR DE OITOS CENTROS TECNOLÓXICOS E DE APOIO Á INNOVACIÓN

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria resolve a convocatoria dos contratos-programa para favorecer a consolidación e a potenciación de liñas estratéxicas de investigación e a súa transferencia ao mercado***
- ***Este tipo de apoios promove a excelencia científico-técnica e a posta en valor da investigación, ao tempo que impulsa a colaboración co tecido empresarial***
- ***As axudas únense aos contratos-programa coas fundacións de investigación sanitaria de Galicia e cos centros galegos do Instituto Español de Oceanografía (IEO) e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), sumando preto de 3,2 millóns de euros en 2017***
- ***Nos últimos 4 anos a Xunta destinou máis de 14 millóns a esta iniciativa que permitiu a creación ou mantemento de 430 postos de traballo cualificados***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), segue apostando polo talento e o I+D+i galego impulsando o labor de oito centros tecnolóxicos e de apoio á innovación da Comunidade a través da resolución da convocatoria para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas. En total, destinará 1,87 millóns de euros a estes centros co obxectivo de potenciar as súas liñas estratéxicas de investigación e a súa transferencia ao mercado, á vez que se impulsa a competitividade e a captación e retención de talento.

As axudas póñense en marcha a través de contratos-programa, que achegan financiamento estable vinculando a achega pública aos resultados obtidos por cada centro en transferencia de coñecemento ou captación de fondos competitivos.

Os beneficiarios son os seis centros tecnolóxicos galegos recoñecidos pola súa excelencia no rexistro estatal do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade - estes centros son Aimen, o Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), Anfaco-Cecopesca, o Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) e Energylab-, e dous centros de apoio á innovación -o Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial (CETIM) e o Centro Tecnolóxico da Auga (Cetaqua)-.

Estes apoios súmanse aos 1,34 millóns de euros que a Xunta destina á sinatura de contratos-programa cos centros de investigación sanitaria da Fundación de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez; a Fundación Profesor Novoa Santos, a Fundación Biomédica Galicia Sur, e a Fundación Pública Galega de

Medicina Xenómica, así como cos centros galegos do Instituto Español de Oceanografía e do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Promóvese así a excelencia científico-técnica e a posta en valor do coñecemento, impulsando tamén a colaboración co tecido empresarial para potenciar o impacto na competitividade das empresas e o crecemento da economía galega.

Nos últimos catro anos a Xunta destinou máis de 14 millóns de euros aos contratos programa que permitiron a creación ou mantemento de 430 postos de traballo cualificados.

Os contratos-programa son unha fórmula que garante a súa competitividade e que implica o cumprimento de exixentes indicadores de xestión e de resultados por parte de cada centro para determinar as súas dotacións. Configúranse así como unha vía con gran potencial para a atracción e retención de talento mediante actuacións centradas no capital humano, na liña de programas como o Oportunius ou o Principia.

Esta actuación encádrase na Estratexia de especialización intelixente (RIS3), tendo como finalidade a consolidación dos centros de coñecemento a través do funcionamento dos seus gastos estruturais. Estes centros empregan a máis de 1.800 persoas, realizan anualmente máis de 700 proxectos de I+D+i e prestan servizo a máis de 2.500 empresas.

A XUNTA CREA UNHAS NOVAS AXUDAS POR VALOR DE CATRO MILLÓNS DE EUROS PARA FOMENTAR A ORDENACIÓN DOS MONTES GALEGOS

- *O investimento ten carácter bienal para os anos 2018 e 2019*
- *O obxectivo é garantir que os propietarios teñan un instrumento que garanta o aproveitamento dos seus terreos baixo un criterio de sustentabilidade*

O Consello da Xunta analizou hoxe o borrador dunha nova orde de axudas da Consellería do Medio Rural que se aprobará en breve e que ten por obxectivo contribuír á ordenación dos montes galegos. En concreto, estas achegas subvencionarán a redacción dos instrumentos de ordenación tales como proxectos de ordenación, documentación simple de xestión, documentos compartidos de xestión e os documentos de adhesión masiva a modelos silvícolas para o que hai un orzamento de catro millóns de euros para dous anos.

Deste xeito preténdese facilitar que os propietarios dispoñan dunha ferramenta técnica coa que organizar os seus recursos forestais e garanta unha xestión sustentable do monte. Estes instrumentos serán imprescindibles a partir de maio de 2020, cando a lei estipula que todos os montes ou terreos forestais terán que dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal para autorizar os aproveitamentos. Por iso, existe unha necesidade de impulsar de xeito decidido este tipo de ferramentas que se adaptan ao tipo de territorio e ao seu uso.

De feito, na orde de axudas establécense catro liñas de subvención. A primeira para zonas declaradas de alto ou medio risco de incendio. A segunda liña é de aplicación naqueles montes que se encontren nalgún dos tres casos seguintes: montes polo menos parcialmente cubertos por masas consolidadas de frondosas autóctonas, en Rede Natura 2000 e nos situados en zonas de policía (chámase así aos 100 metros a partir da canle dun río) das áreas de risco potencial significativo de inundacións (Arpsi). As liñas 3 e 4 son de aplicación a montes con terreos produtivos de masas de crecemento rápido polo menos no 50% da súa superficie e diferéncianse segundo o instrumento de ordenación que utilicen.

Ademais, cómpre destacar que as sociedades de fomento forestal (Sofor) contarán con liñas específicas para elas, co fin tamén de favorecer o seu impulso como figura destacada á hora de poñer en valor os montes garantindo o dereito de propiedade dos socios, que só ceden os dereitos de uso e a venda de produtos, co obxecto de que esta leve a cabo unha xestión forestal conxunta.

Obxecto de axuda

As axudas utilizaranse para a redacción dos instrumentos de ordenación ou xestión forestal, incluíndo a realización do inventario preciso dos recursos e os servizos

forestais. Así mesmo, tamén poden ir destinadas á redacción dos estudos de impacto ambiental ou ao documento ambiental asociado ao procedemento simplificado, segundo corresponda e cando sexa obrigatorio. O IVE non é elixible en ningún caso. O investimento total previsto para 2018 e 2019 alcanza os catro millóns de euros, dous en 2018 e outros dous en 2019.